

XOVES 4 E VENRES 5 DE XUÑO 2020

Seguimos co noso libro presentándovos as fichas que deberíades facer entre hoxe e mañá. Xa sabedes que podedes xestionarvos como vos veña ben, xa que son consciente que cada quen ten as súas circunstancias. Recordade que as actividades de ampliación son optativas.

04 /06/2020

FICHA Nº13: Completar coleccións de ata 3 elementos.

Antes de comezar a ficha presentámoslle ao neno/a 2 obxectos iguais (macarróns, pedras, cores...) e preguntámoslle: cantos faltan para que haxa 3? Trátase de que o rapaz vaia engadindo obxectos ata que finalmente academos o número que queremos, neste caso o 3. Logo pasamos a facer o mesmo coa ficha. Temos distintos insectos e deberán pintar (cos utensilios que prefirades) tantos insectos como sexa necesario para que finalmente en cada fila haxa 3.

No reverso da ficha deberán repasar e logo escribir os números (do 1 ao 3).

AMPLIACIÓN: Para afondar do tema dos insectos podemos ver os seguintes vídeos:

<https://www.youtube.com/watch?v=ZHfSo-dewmk> (Barney el Camión)

<https://www.youtube.com/watch?v=SdgRS-9a6zE> (canción)

<https://www.youtube.com/watch?v=oNs6eZjtIKE> (que hai nos estanques)

Logo de ver e escoitar estes vídeos podedes debuxar os insectos que hai ao lado dos estanques, coa técnica que máis vos guste (rotuladores, acuarelas...).


AMPLIACIÓN: Para seguir traballando sobre os insectos tendes as seguintes fichas de ampliación:

METE OS INSECTOS DENTRO DO BOTE. ESCRIBE DENTRO DO BOTE A PALABRA "INSECTO".



Con esta ficha tratase que identifiquen os insectos.

Conta os diferentes insectos que hai. Logo pinta tantos cadrados como animais haxa de cada grupo. Finalmente escribe o número de animais que hai na lenda.



Con esta tamén se traballan os números.

AMPLIACIÓN: Saíde a fóra, se vos é posible cerca dun río ou estanque, e ademais de disfrutar do día xogando, buscade algún insecto e analizádeo (non fai falta collelo): ten cabeza? Cantas patas ten? Ten antenas?

05 /06/2020

FICHA N°14: Traballar a grafomotricidade.

Antes de comezar a levar a cabo a ficha podemos prantexarlles aos nenos/as as seguinte cuestións: Cantos insectos vedes na ficha? Como se chaman? Hai algún que che guste?

Posteriormente repasade os trazos con pintura de dedos ou con rotulador igual que no reverso.

AMPLIACIÓN: Como sempre podemos facer algunha manualidade. Deixo algunha imaxe por se vos animades a facer algunha.





Déixovos este vídeo no cal se pode ver como facer unha libélula con unha palliña, e papel.


<https://iheartcraftythings.com/dragonfly-craft-template.html?jwsourc=cl>

AMPLIACIÓN: Podemos seguir traballando o trazo coas fichas borrables seguintes. Recordade que é preciso facer a actividade con rotulador lavable.




AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lóxica-matemática. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):

Escribe no recadro ao lado da lupa cantos animais ve a nena.



Mira cantos animais hai de cada e coloreas os cadros que sexa.



Recordade que tendes a vosa disposición os xogos para traballar os números (só os tendes que recortar e pintar).

PUZZLE DE NÚMEROS E ANIMAIS (LIBRO 6)

